



A PREHISTORIA




A PREHISTORIA

A Prehistoria é o período de tempo que vai desde que apareceu o ser humano até que se inventou a escrita.




A Prehistoria tem duas etapas:

1. A IDADE DE PEDRA.



2. A IDADE DOS METAIS.




A IDADE DE PEDRA

A Idade de Pedra ten dous periodos: O Paleolítico e O Neolítico.

O PALEOLÍTICO

◆ ONDE VIVÍAN AS PERSOAS DO PALEOLÍTICO ?


Asentábanse preto dos ríos, en pequenos grupos, en covas ou cavernas, protexéndose do frío e da humidade. Máis adiante, en tendas feitas con peles de grandes ósos de mamut.



Cando non había caza ou froitas que recoller tíñanse que marchar a outro lugar onde poder sobrevivir. Eran nómades, que quere dicir que cambiaban de lugar para sobrevivir.

◆ COMO VIVÍAN NAS CAVERNAS?

Cando facía frío adoitaban facer todas as tarefas dentro das cavernas. Só saían a cazar e a colleitar os froitos. Pero facían o lume dentro e cociñaban alí.



Cando facía bo tempo, utilizaban o exterior da cova para facer algunhas actividades: cociñar, curtir as peles, esnaquizar a caza...




◆ CAL FOI O GRAN INVENTO DO PALEOLÍTICO?

Descubriron o lume, seguramente iniciado por algunha tormenta. Usábano para protexerse do frío, para cociñar a comida, para ver polas noites e alumar dentro da caverna e para escorrentar aos animais.




Máis tarde aprenderon a fabricalo, polos seus propios medios, fregando paus ou facendo saltar faíscas con pedras.



◆ COMO SE ALIMENTABAN?

Tiñan unha vida moi dura. Asentábanse en lugares onde podían sobrevivir recollendo froitos silvestres, onde houbera boa caza e pesca.



Os animais que adoitaban cazar eran: mamuts, cervos, osos, bisontes, cabras, rinocerontes...




Utilizaban o lume para cociñar a carne e o peixe. Tamén usaban pedras ardendo, metidas en auga en pezas de barro e cocían a carne xunto coas herbas e a graxa.




◆ COMO REPARTÍAN O TRABALLO?

Os homes eran os encargados de cazar e pescar. Podían pescar con arpón e, máis adiante, con redes. Fabrícanse as súas propias armas de pedra ou de óso. Para cazar grandes presas utilizan trampas no chan.





Outros animais cazábanse axexándoos en silencio.

Durante o día as mulleres e os nenos recollían froitas, herbas silvestres e raíces, amontoaban lotes de leña para facer o lume e buscaban fentos para construírse cómodos colchóns.



As mulleres tamén curtían as peles e preparaban a comida. Ademais, polas noites cosían con agullas de óso as roupas de abrigo.



Só os máis pequenos teñen tempo para xogar.



◆ QUE UTENSILIOS E FERRAMENTAS TIÑAN ?

Como se alimentaban de animais e utilizaban as súas peles para vestirse, inventaron ferramentas para cazar e utensilios para cociñar, coser as peles...



Constrúen armas de pedra para cazar aos animais: lanzas, machadas de man, hachuelas, arcos e frechas, fondas de coiro...

Tamén fan ferramentas para cortar e despezar a carne, como os talladores que servían para romper ósos, cortar madeira e abrandar a carne. Usaban unha pedra plana e outra redonda para moer os grans.

